

DOCUMENTO INTERNO DE AXUNTAR. REUNIÓN COS ALCALDES

Axuntar, Asociación para normalización del gallego de Asturias, constitúese en 2021. El seu ámbito principal de actuación son os 18 concellos máis occidentales de Asturias: un territorio (Eo-Navia) nel que, según el consenso científico, a lingua propia forma parte del tronco lingüístico gallego-portugués, descrita filoloxicamente como una variante dialectal del gallego oriental e que legalmente ten en Asturias el nome de gallego-asturiano.

El trato digno a una lingua require en primeiro lugar denominala correctamente: darlle un nome (glotónimo) axeitado ás súas características deixando a un lado outros nomes (*chapurreao, fala, falía...*) que sólo terían sentido nun contexto coloquial por ser inferiorizantes.

En segundo lugar, a transmisión da lingua, esencial para su pervivencia, require dotala de una normativa ben fundamentada (non allea al tronco lingüístico de pertenencia) que permita a escritura e el aprendizaxe aos falantes actuales e futuros.

A nosa lingua é un patrimonio cultural inmaterial que heredamos gracias a que nos foi transmitida a lo largo de innumerables xeneracións, como lo demostran os documentos de Santa María de Vilanova de Ozcos, que rexistran el seu uso desde hai séculos (el escrito máis antiguo que se conserva é del s. XII).

É una riqueza que merece respeto e protección, un tesouro cultural que nos singulariza e que singulariza a Asturias por el feito de ter dúas lenguas propias: gallego e asturiano.

Un bon conocimiento dela permítenos acceder facilmente al mundo galaico-lusófono, con millois de falantes nos 5 continentes, e tamén á su riqueza literaria, cinematográfica, musical, gastronómica... abrindo oportunidades culturales que nel territorio non debemos desaproveitar.

Non podemos -nin debemos- deixarlle esmorecer.

Axuntar pretende entregar ferramentas, información e argumentos que permitan aos concellos convertir este patrimonio cultural nun elemento máis de desarrollo económico-cultural, atracción de turismo de calidad, creación de institucións académicas na zona, divulgación e formación entre os propios falantes evitando que el idioma deixe de transmitirse xeneracionalmente e se extinga.

Por ese motivo buscamos fomentar el dialogo constructivo entre os axentes culturales e políticos da comarca desde a base del consenso científico comúnmente admitido e traladar propostas de especialistas, falantes del idioma, dinamizadores culturales, escritores, etc. coel propósito de que na propia comarca se teña un debate sereno e informado e se valore millor cómo sacar partido a esta riqueza desde el respeto absoluto e cumplimiento íntegro das normas legales -asturianas, del Estado e Tratados Internacionales- que regulan esta cuestión e que deben ser materializadas en distintas áreas del que vén sendo una necesaria normalización del idioma.

Partindo da inegable existencia na zona duna lingua materna propia é necesario poder ofrecer ou encontrar medidas concretas para fortalecer e promocionar el idioma que é de noso, desde el bilingüismo que nos caracteriza e presentamos un guión da xornada:

BREVE REPASO Á EVOLUCIÓN DA FALTA DE RECONOCIMIENTO INSTITUCIONAL DA NOSA LINGUA

- El estatuto de Autonomía de Asturias (1981) **unicamente (quitei el tilde porque na normativa oficial del galego os adverbios en -mente non se tildan. E creo que tampouco nas “nosas” normas)** fía referencia á protección del bable como lingua propia de Asturias.
- En 1986 el Principado, en cumplimiento del mandato estatutario e desconocendo a realidá lingüística da comarca, organiza na Veiga e en Navia cursos de bable pral profesorado.
- Como resposta, dende grupos **de profesores** surxen as primeiras **inquietudes** na zona por cuestiois lingüísticas. Despós del chamado Grupo de Eilao, creado en 1988, surxe a MDGA, Mesa prá Defensa del Galego de Asturias e da Cultura da Comarca.
- Un grupo de lingüistas elaborou en 1990 as *Normas Morfolóxicas e Sintácticas del galego de Asturias*. Utilizando esas normas realizáronse importantes publicaciois de revistas, estudos especializados e obras literarias.
- En 1993 a **Dirección Rexional de Educación da Consellería de Educación, Cultura, Deportes e Xuventú del Principado de Asturias** publica úa Proposta de Normas Ortográficas del Gallego-Asturiano. Caracterízanse por escoller as formas máis parecidas al asturiano, uso de apóstrofos buscando na expresión escrita un discutible apego á oralidá, uso de terminaciois en -ao que resultan vulgarizantes, non respeto del sistema vocálico, etc.
- **En 1995 refórmanse** os estatutos da ALLA (Academia de la Llingua Asturiana) pra que asuma as competencias sobre el galego asturiano, sendo el único caso conocido nel que úa Academia teña xurisdicción sobre dúas linguas distintas. A tal fin, a ALLA crea en 1996 a chamada Secretaría Lingüística del Navia-Eo.
- En 2007, a ALLA publica as *Normas ortográficas del gallego-asturiano*, fendo súa a Proposta de Normas elaborada por el Principado mencionada anteriormente.
- Na Ley 1/1998 de uso y promoción del bable/asturiano faise por primeira vez en Asturias refencia á nosa lingua como “gallego-asturiano”, sendo este el único glotónimo con respaldo legal que ten (e sigue tendo) actualmente en Asturias.
- **Nel BOE de 21 de setembre de 2001 publicase a ratificación por el Estado español da Carta Europea de Lenguas Regionales y Minoritarias que considera el dereto a utilizar as linguas minoritarias nos ámbitos públicos e privados un dereto imprescriptible parte dos Deretos Humanos e Libertades Fundamentales???????????????????**
- **A Universidá de Oviedo publica el Estudio de Transición Lingüística na zona Eo-Navia, 2017 e el Atlas Lingüístico del mesmo nome que determina as fronteiras entre os dominios asturleonés e gallegoportugués que enmarca a nosa zona como territorio unde se fala un tipo de gallego.**
- **El 27 de abril de 2021 publícanse nel BOPA os actuales Estatutos da ALLA fendo constar que esta institución promoverá e mirará polos deretos lingüísticos dos asturianos gallegofalantes e que a Secretaría Llingüística del Navia-Eo contribuirá á estandarización da lingua.**
- **El 25 de setembre publícase nel BOE a Modificación del Reglamentno del Congreso dos Deputados que declara idiomas cooficiales -xunta al castellano- al catalán, al euskera e al gallego, de xeito que os parlamentarios poderán usalos nas súas intervenciois orales e escritas e levantarase acta taquigráfica en castellano e nel idioma oficial utilizado.**

Desde entonces, einda que non é úa norma estrictamente oficial, esa é a única que se emprega e admite desde el Principado:

- Nos cursos de formación a docentes e na formación ("en fala") nos centros educativos.
- Nas convocatorias de subvenciois de Política Lingüística
- Na publicidade e nas publicaciois del Principado na nosa lingua.
- Na toponimia.

Ultimamente asistimos a úa constante substitución del nome oficial da nosa lingua (galego-asturiano) por el de eonaviego, nun intento de identificar lingua e espacio xeográfico desvinculando el noso idioma del sou tronco lingüístico, nun negacionismo que lo aísla e amenaza a súa supervivencia.

NECESIDÁ DE FORMACION SOBRE A CUESTIÓN LINGÜÍSTICA POR PARTE DE ALCALDES, AXENTES DA CULTURA E DOS PROPIOS FALANTES PRA PRESERVAR A RIQUEZA QUE HEREDAMOS E CREAR AS BASES DUN TRATO RIGUROSO

Axuntar propón úa sesión informativa e de debate coa presenza de:

1.- Alcaldes, como representación política e administración pública máis cercana al ciudadano.

2.- Sería relevante contar coa presenza de Marcos Niño, Director Xeral de Reto Demográfico dado que el interés pola cultura propia e a promoción e preservación da lingua propia das comunidades rurales pode desempeñar un papel fundamental nel mantenimiento da identidá e atraer persoas interesadas en participar na comunidá ou vivir nesas zonas rurales, máis se temos en conta que el noso idioma pertence a un dos grupos lingüísticos máis importantes del planeta. Manter vivo un idioma e promover oportunidades de aprendizaxe pode ser beneficioso pra preservar a tradición e el legado cultural da comunidá xenerando un entorno atractivo en servicios, diversificación económica, turismo cultural con participación en actividades de carácter local e disfrutar das ventaxas **del** medio rural.

2.- Como investigador independente que podería ser invitado: Álvarez Castrillón, autor dun libro que recolle os documentos medievales que acreditan el tronco lingüístico del idioma: *Colección Diplomática del Monasterio de Santa Maria de Villanueva de Oscos (1139-1300)*, RIDEA, 2011.

3.- Por Axuntar:

- Moisés Cima Fernández, Presidente de Axuntar, Mediador Comunicativo e poeta en galego asturiano, Premio Fernán Coronas de Poesía, 2016.
- Membro independente: Natalia Jardón Pérez, natural de Boal, Licenciada en Filoloxía pola Universidá de Oviedo, **Máster en...** pola Universidá del País Vasco, Doctora en Lingüística Xeneral pola Universidá de Tromsø, Noruega e Investigadora postdoctoral pola Universidad de Viena.
- Ramiro Xabier Barcia, natural de Eilao, Licenciado en Filoloxía Española e Lingüística Xeneral pola Universidá de Oviedo, Doctor en Lingüística Xeneral

pola mesma universidá cúa investigación sobre os traballos de Dámaso Alonso nel territorio dos Ozcos.

- Enrique González Álvarez, natural de Boal, licenciado en Dereito pola Universidad de Oviedo e poeta en galego asturiano, Premio Miguel García Teijeiro de Castropol, Anduriña Voandeira de poesía de Euskadi, 2017 e Vilariña de Guitiriz 2021.

Os ponentes explicarán el contido dos Informes divulgativos I e II sobre a lingua propia del Eo-Navia, elaborados pola asociación con datos rigurosos e documentados.

1. Saludo en presentación del acto.
2. Situación legal de protección vixente.
3. Explicar historia e orixen del idioma gallego da comarca máis occidental de Asturias, tamén conocido como gallego-asturiano, galego de Asturias ou galego eonaviego. Referencia ao importantes textos medievales del territorio que lo acreditan.
4. Rasgos e características del idioma, comúis coel resto de falas del idioma gallego, situación dos estudos divulgados pola Universidad de Oviedo, características singulares e posibilidades de normalización lingüística rigurosa desde os concellos.
5. Resaltar a importancia cultural e lingüística de esta variedá de gallego e como noutros territorios onde contan con instrumentos como son as **Reservas da Biosfera** incorporan xunto a conservación da natureza, el desarrollo económico humano e a protección da riqueza lingüística, as lendas e **tradiciois** pola relevancia del patrimonio inmaterial como iniciativas que son da Organización das Nacións Unidas prá Educación e a Investigación Científica.
6. Debilidades del tratamiento actual del idioma en Asturias, a súa presencia institucional, nos medios educativos, na televisión e radios públicas asturianas e as consecuencias negativas pral territorio.

Trátase de informar, divulgar pero tamén desde Axuntar queremos aprender, conocer as inquietudes, ver **cómo** podemos conseguir dar contido e relevancia cultural a un patrimonio que ten a nosa zona e que nos poder permitir ter máis presencia, visibilidad e oportunidades al paso que cumplimos os mandatos legales asumidos polo Estado español con Europa.